

RESUMO DE CONTIDOS

A Historia é ciencia

Ciencias Sociais |
5º EP



Índice

Prehistoria.....	2
Idade antiga.....	2
Idade Media.....	3
Idade Moderna.....	4
Divulgar.....	5
As exposicións orais.....	6
Atribución dos recursos incorporados ao documento.....	7

Prehistoria

A prehistoria foi un período moi longo que se estendeu desde a aparición dos primeiros homínidos ata a invención da escritura.



Paleolítico

As persoas eran nómades e dedicábanse á caza e a recolección. Descubriron como facer lume. As ferramentas eran de pedra. Facían pinturas en Cavernas.



Neolítico

Neste período foron quen de domesticar os animais. Foron as primeiras poboacións asentadas. As ferramentas eran de pedra puída. Comezan a cultivar.



Idade dos metais

Comezo do uso da metalurxia. Pasan por diferentes idades: Idade do Cobre, Idade do Bronce e Idade do Ferro. Comezan a intercambiar mercadorías.

Idade antiga


A Idade Antiga é o período da historia que comeza cando se inventa a escritura (arredor do 3.000 a.C.) e remata coa caída do Imperio romano de Occidente no 476 d.C.

Foi neste período onde se desenvolveron as grandes civilizacións.



Civilización exipcia

Desenvolveuse ás beiras do río Nilo. Relixión politeísta. Construíron pirámides como tumbas para os faraóns. Escritura xeroglífica.



Civilización Romana

Fundaron unha gran República e despois un grande Imperio. Construíron estradas, acuedutos e grandes edificios. O latín foi a súa lingua. Expandiron o cristianismo polo seu imperio.



Civilización Mesopotámica

Situada entre os ríos Tigris e Éufrates. Primeiras cidades-estado Crearon a escritura cuneiforme. Código de Hammurabi: unha das primeiras leis escritas.



Civilización Grega

Formada por cidades-estado como Atenas e Esparta. Inventaron a democracia en Atenas. Desenvolveron a filosofía. Grandes logros na arte, arquitectura e mitoloxía.

Idade Media

A Idade Media á a etapa histórica que comeza co fin dun gran imperio, o Imperio Romano de Occidente e que remata coa chegada de Colón a América no 1492. Durante todos estes séculos aconteceron moitas cousas, pero vamos ver primeiro as características principais de este período.

As características sociais

Sociedade feudal

- Sociedade estamental: nobreza, clero, campesiñado.
- A maioría da poboación era campesiña e traballaba nas terras dos señores feudais.
- Os nobres vivían en castelos ou pazos.



Vivienda e alimentación

- Casas de madeira e barro para os campesiños; castelos de pedra para os nobres.
- Alimentación baseada en pan, verduras, ovos e pouco consumo de carne.

O poder da igrexa

- Só os monxes e nobres tiñan acceso á educación.
- A transmisión do coñecemento facíase en latín e a través de manuscritos.
- Os mosteiros foron centros de coñecemento.

A arquitectura

Na Idade Media, a arquitectura estaba marcada polos estilos románico e gótico.

Tiñan características moi diferentes:

Románico (séculos X-XII)

- Muros grosos e poucas ventás.
- Edifícios robustos, con arcos de medio punto.
- Igrexas e mosteiros de aspecto sólido e escuro.



Gótico (século XII-XV)

- Edifícios máis altos e con grandes vidreiras de cores.
- Uso do arco apuntado e dos contrafortes para aliviar o peso das estruturas.



Os acontecementos históricos máis importantes

Os acontecementos históricos máis importantes da Idade Media son os seguintes:

- Alta Idade Media (séculos V - X)
- Caída do Imperio Romano de Occidente (476)
- O Camiño de Santiago (S. IX en adiante)
- A Reconquista (S. VIII - XV)
- Baixa Idade Media (séculos XI - XV)
- A Peste Negra (1347 - 1351)
- A Guerra dos Cen Anos (1337 - 1453)

Idade Moderna

A Idade Moderna á a etapa histórica que comeza coa chegada a América no 1492 e remata coa Revolución Francesa en 1789. Durante todos estes séculos aconteceron moitas cousas, pero vamos ver as características principais de este período.

As características sociais

Sociedade e traballos

- Aparece un novo estamento social: a burguesía (comerciantes e artesáns e artesás).
- Desenvolvemento do comercio internacional e das rutas oceánicas.



Vivienda e alimentación

- As cidades medran con novas rúas e prazas.
- Casas de pedra para comerciantes; pazos para a nobreza.
- Aumenta o consumo de carne e especias grazas ás rutas comerciais.



Escola e cultura

- A imprenta permite maior acceso á educación.
- O saber comeza a escribirse en linguas vernáculas, non só en latín.
- Expansión das universidades.



A arquitectura

Durante a Idade Moderna, aparecen dous estilos arquitectónicos principais: o Renacemento e o Barroco.

Renacemento (séculos XV-XVI)

- Inspirado na arquitectura da Antiga Roma e Grecia.
- Uso da simetría, proporcións perfectas e columnas clásicas.



Barroco (séculos XVI-XVIII)

- Edifícios recargados, con moitos adornos e sensación de movemento.
- Igrexas e pazos moi decorados, con xogos de luces e sombras.



Os acontecementos históricos máis importantes

Os acontecementos históricos máis importantes da Idade Moderna son os seguintes:

Séculos XV e XVI

- A chegada de Colón a América (1492)
- A Reforma Protestante (1517)
- A imprenta de Gutenberg (1440 - 1450)
- A chegada dos Habsburgo ao trono español (S. XVI)

Século XVII

- A Revolución Científica (S. XVI - XVII)

Século XVIII

- A Revolución Francesa (1789)
- A Revolución Industrial (finais do XVIII)

Divulgar

A **divulgación** científica e histórica é unha forma de transmitir coñecementos e de explicar descubrimentos a outras persoas.

Inténtase usar unha linguaxe clara e comprensible. É moi importante empregar información veraz e **fontes seguras**. Para elo debemos preguntarnos:

- Quen o escribiu?
- É unha/un experta/o?
- Onde o publicou?
- Aparecen fontes ou datos comprobables?

Para compartir os teus coñecementos podes utilizar paneis divulgativos e exposicións orais entre outras.

Os paneis divulgativos

As súas características son:

Título rechamante

- Breve, claro e que esperte o interese.

Texto principal, que debe incluír:

- Que pasou / quen / onde / cando / por que é importante.
- Datos relevantes, pero resumidos.
- Parágrafos curtos e linguaxe clara.

Imaxes ou ilustracións

- Acompañan o texto e axudan a entendelo.

Idea clave ou mensaxe final

- Un resumo visual, unha cita ou unha frase que recolla o máis importante.

Créditos ou fontes

- Cando se emprega información ou imaxes doutros lugares, hai que indicar a fonte.

As exposicións orais

As exposicións orais son presentacións en voz alta dun tema estudado, dirixíndose ao público. Poden ir acompañadas de presentacións de diapositivas ou outros recursos visuais.

É importante falar con claridade, bo ritmo e mirando a quen escoita. Recorda proxectar a voz.

Partes dunha exposición oral:

- Saúdo inicial e presentación do tema
- Introducción
- Desenvolvemento
- Apoios visuais
- Conclusión ou peche
- Quenda de preguntas

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

- Páxina 1: Elaboración propia(cREAgal) *Portada CCSS 5º*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)
- Páxina 2: Dario Lorenzetti. *Pintura rupestre Altamira*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)
- Páxina 2: Martín Vicente, M. *Ferramenta neolítico*. [CC BY 2.0](#)
- Páxina 2: Xuan Che . *Casco celta*. [CC BY 2.0](#)
- Páxina 2: Filip Maljković. *Pirámides*. [CC BY-SA 2.0](#)
- Páxina 2: Mateusz Przeklasa. *Mercado romano*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)
- Páxina 2: The British Museum. *Escritura cuneiforme*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)
- Páxina 3: Dennis Jarvis. *Templo grego*. [CC BY-SA 2.0](#)
- Páxina 3: Elaboración propia(cREAgal). *Sociedad medieval*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)
- Páxina 3: Javier Martin Espartosa. *Igrexa románica*. [CC BY-NC-SA 2.0](#)
- Páxina 3: Javier Martin Espartosa. *Catedral gótica*. [CC BY-NC-SA 2.0](#)
- Páxina 4: Adrián Martín del Olmo. *Burguesía*. [CC BY-SA 4.0](#)
- Páxina 4: James Blake Wiener. *Cidade Idade Moderna*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)
- Páxina 4: Elaboración propia(cREAgal). *Imprenta*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)
- Páxina 5: José Antonio Gil Martínez. *Palacio de Fonseca* . [CC BY 2.0](#)
- Páxina 5: Elaboración propia(cREAgal) *Catedral de Santiago de Compostela*. [CC BY-NC-SA 4.0](#)

Os símbolos pictográficos identificados como *Pictogramas de Arasaac* son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para ARASAAC (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo Licenza [Creative Commons BY-NC-SA](#).



“Resumo de contidos: A Historia é ciencia”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)